

	IES MARÍA CASARES. Departamento de			2024-2025
	MATERIA	CULTURA CLÁSICA		
	CURSO	3º e 4º ESO	HORAS SEMANAIS	3

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

O estudo da Cultura Clásica supón un achegamento ás fontes da nosa civilización, é dicir, aos fundamentos da ciencia, da arte, da literatura e do pensamento do noso mundo moderno, xa que a cultura da Europa actual está impregnada das pegadas da cultura das pegadas da cultura ou civilización grecorromana.

Así mesmo, o legado do mundo clásico é un contrapeso ao pragmatismo actual, xa que axuda a recuperar os valores espirituais da nosa sociedade. En definitiva, o alumnado da E.S.O. debes coñecer as súas raíces lingüísticas e culturais, situalas historicamente e valorar a súa evolución.

CONTIDOS

Os contidos propostos para a materia de Cultura Clásica xiran arredor do recoñecemento da orixe común do latín e do grego e das súas relacións coas linguas románicas, o coñecemento de aspectos fundamentais das formas de vida e das crenzas das sociedades grega e gregas romanas identificación de elementos culturais de ambas culturas. Ademais, priorízanse as manifestacións grecolatinas que sobreviven na actualidade, para que o alumnado perciba o mundo clásico como próximo e vinculado ao seu entorno. Os contidos da materia Clásica son abertos e orientativos, aínda que se debe garantir a interrelación entre os contidos de cada un dos bloques. Estes son os seguintes:

BLOQUE 1. Xeografía e historia. BLOQUE 2. Mitoloxía grecorromana. BLOQUE 3. Arte. BLOQUE 4. Sociedade e vida cotiá. BLOQUE 5. Lingua e literatura grecorromana. BLOQUE 6. Perduración na actualidade.

METODOLOXÍA

Sabemos que a metodoloxía empregada nesta materia garantizará ou non o seu éxito. Por iso, imos establecer pautas metodolóxicas o máis estimulantes posibles, sen esquecer a presenza activa do alumnado participante no proceso de ensino-aprendizaxe. Os principais criterios nos que se baseará a metodoloxía da materia serán os seguintes:

- Organización flexible da aula: as actividades serán individuais, en pequenos grupos.
- Coñecementos previos: imos coñecer os coñecementos do alumno a partir dos cales ensinar novos coñecementos. - Motivación: os novos contidos serán introducidos polo profesor implicando ao alumno con preguntas directas, opinións, vivencias...
- Funcionalidade da aprendizaxe: As actividades propostas deben tender a demostrar a utilidade práctica dos contados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais: Haberá unha proba escrita cun valor	70%
Outros instrumentos de avaliación: caderno de clase, traballo de clase, saídas e cuestionarios da aula virtual	30%
TOTAL AVALIACIÓN	

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA : a media das tres avaliacións na progresión: 20%, 30% e 50%

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

A materia vincúlase, fundamentalmente, cos Bacharelatos de Ciencias Sociais e Humanidades e co Bacharelato Artístico. - Os coñecementos que se poidan acadar ó final do curso tamén poden constituír unha boa bagaxe para algúns ciclos relacionados co turismo e a organización de actividades socioculturais e de ocio.